

## ORIENTACIÓN ACADÉMICA

### DESCRIPCIÓN DAS MATERIAS OPTATIVAS OFERTADAS POLO

### DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

#### FÍSICA E QUÍMICA 1º BACHARELATO:

Aínda que ambas ciencias entrelázanse ao comezo do curso, en poucas palabras podemos dicir que a Química céntrase no estudo da materia, e a Física estuda calquera fenómeno da natureza, dende o máis pequeno até o máis grande. Deste xeito, o curso divídese en dúas partes:

- **Química:** estudo do átomo, a táboa periódica dos elementos, o enlace químico, a formulación de compostos orgánicos e inorgánicos, as disolucións e as reaccións químicas.

- **Física:** estudo do movemento dos corpos (cinemática) e de como este vese afectado polas forzas (dinámica), ademais do estudo do concepto de enerxía.

Haberá tamén **actividades de laboratorio** relacionadas cos conceptos e procedementos impartidos na aula de referencia.

Os contidos impartidos neste curso afondan nos xa estudados en 4º da ESO, e pretenden fortalecer os alicerces deses coñecementos para afrontar con maior facilidade a especialización da materia que acontece en 2º de bacharelato, onde sepáranse a Química por un lado e a Física por outro.

En resumo, a materia ofrece unha visión bastante fonda dos fenómenos da natureza relacionados coa materia, o movemento, as forzas e a enerxía, e fornece ao alumnado de conceptos importantes que precisará se quere proseguir os seus estudos pola rama das Ciencias Puras ou da Saúde.